



FERVENZ Aventura

Centro de Actividades na Natureza

CURSO
2023 - 2024



- EDUCACIÓN SECUNDARIA -

ÍNDICE

Presentación	3
O noso equipo	4
Onde estamos	5
Instalacións	6
Plano da instalación	7
Desenvolvemento das actividades	8
Áreas de obradoiros e actividades	8
• Roteiros e Visitas	9
• Aventura	10
• A Vida no Campo	11
• Educación Ambiental	12
• Artesanía e Etnografía	13
Proposta de actividades	14
• Programación tipo 1 día	14
• Programación tipo 2 días	15
• Programación tipo 3 días	16
Tarifas	17
Menú	18
Información de interese para o Centro Educativo/ANPA	19
Roupa e material recomendado para a visita	19
Preguntas frecuentes	20
Compromiso de calidade	20

PRESENTACIÓN

En FervenzAventura os **verdadeiros protagonistas son as rapazas e os rapaces** que nos visitan.

A experiencia demostrounos, despois de 19 anos ao servizo da Comunidade Educativa, que a **combinación de aventura e natureza** é o mellor modo de espertar o seu interese polo respecto e o coidado do medioambiente.

Cada ano son máis os Centros Educativos e Institutos que confían en nós, e teñen no **noso Centro un referente á hora de programar as súas saídas extraescolares**, destacando a calidade do noso traballo, a profesionalidade do noso equipo, o enclave único no que nos atopamos, as completas instalacións que poñemos a súa disposición, pero por riba de todo a experiencia única que viven as/os súas/seus alumnas/os.

FervenzAventura é a **única instalación** de Galicia que conta cos **recoñecementos oficiais** da Xunta de Galicia de Albergue Turístico Rústico, empresa de Interese Turístico e Granxa Escola.



o lugar ideal para pasalo ben... aprendendo !



Jose Taboada
Director

Atopámonos no centro de Galicia, a só 5 quilómetros da autoestrada AP – 53, o que nos sitúa a **20 minutos de Santiago, 40 minutos de Ourense e 1 hora de A Coruña ou Vigo.**

Inmersos na contorna do Sistema fluvial Ulla - Deza, **Espazo Protexido da Rede Natura 2000**, e enclavados nunha paraxe de gran valor medioambiental, etnográfico e cultural, que ten un gran peso específico en todas as nosas actividades.

Ademais, preto ao noso Centro atópanse:

- A ferverza máis alta de Galicia, a **Ferverza do río Toxa**, localizada nun bosque autóctono onde atopamos especies de clima mediterráneo que lle outorga á zona un espectacular contraste paisaxístico, que determinan a súa interesante diversidade biolóxica.
- **Mosteiro de Carboeiro** (S.X), considerada a xoia do románico – oxival galego, ó tempo que descubren a historia coñecerán as lendas que rodean a este espectacular e místico monumento.
- A mámoa máis antiga de Galicia, **Chousa Nova I**, con máis de 6.200 anos de antigüidade. Conta con paneis informativos sobre os traballos arqueolóxicos que se levaron a cabo para a súa posta en valor.



Mosteiro de Carboeiro



Ferverza do Toxa




Mámoa de Chousa Nova I


INSTALACIONES

Contamos cunha **instalación de máis de 15.000 m²** de zonas verdes e mais de **600 m² de espazos cubertos** onde desenvolver gran parte das actividades, independentemente do tempo atmosférico.

- Visitas de varios días: **Aloxamento en albergue** equipado con literas, con **capacidade para 104 prazas**, distribuídas en 8 habitacións. Os baños atópanse no interior do albergue.
- **4 habitacións para mestras/es e acompañantes** con baño.
- **2 comedores** e varios merendeiros exteriores.
- **6 aulas temáticas** equipadas para as actividades e **Sala de 120 m²** de usos múltiples.
- **Sala e zona exterior** exclusiva para mestras/es e acompañantes con **Wifi**.



- **Instalacións deportivas:** rocódromo, tirolina, picadeiro, tiro con arco, piscina, campo de fútbol, voleibol.
- **Horto ecolóxico**, zonas de cultivo e invernadoiro.
- **Cortellos, galiñeiro e estanque** (cabalos, burra, becerras, porco, ovellas, cabras enanas, coellos, galiñas, pavos reais, parrulos, ocas...).



PLANO DA INSTALACIÓN



DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

- * **Dirixido a alumnas/os de Secundaria**
- * Sistema de Traballo: as/os participantes rotarán polas diferentes actividades
- * Contidos adaptados aos distintos cursos
- * **Programación personalizada**
- * Metodoloxías empregadas: lúdicas e educativas, que promovan o desenvolvemento da creatividade, a participación e aplicación do coñecemento
- * Actividades de lecer e instalacións deportivas dispoñibles para os tempos libres
- * Excursións complementarias a lugares de interese cultural e medioambiental
- * Equipo de traballo multidisciplinar e especializado: Director das instalacións, Coordinador das actividades, Educadores e Monitores especializados con formación complementaria na animación, persoal de cociña e mantemento

ÁREAS DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES

- * **Os Centros Educativos poderán solicitar unha programación personalizada** en función dos seus intereses, primando as actividades de aventura ou as medioambientais, ou facendo un compendio de ambas.
- * Os contidos e complexidades das actividades adaptaranse aos diferentes cursos.
- * Estructuramos as nosas actividades en 5 áreas temáticas:
 - **Roteiros e Visitas**
 - **Aventura**
 - **Educación Ambiental**
 - **A vida no Campo**
 - **Artesanía e Etnografía**

... e no final do día, divertidas veladas, gymkhanas ou discoteca

ROTEIROS E VISITAS

As actividades desenrolaranse nun **marco de gran beleza natural**. É a mellor maneira de *coñecer os recunchos máxicos que agocha o noso entorno*.

MÁMOA CHOUSA NOVA I

Catalogada como a máis antiga de Galicia, está datada en **máis de 6.200 anos** de antigüidade. Conta con paneis informativos sobre os traballos arqueolóxicos que se levaron a cabo. *Unha oportunidade única para viaxar ao noso pasado*.

ROTEIRO

FERVENZAVENTURA

Roteiro interpretativo por os bosques e enclaves máis representativos da nosa aldea, **poñendo en valor a etnografía e a paisaxe rural** e realizando diferentes paradas: Pazo da Viña, lugar onde naceu o escritor Ramón de Valenzuela, igrexas románica e barroco – neoclásica de Abades, mámoa de Chousa Nova I (4.233 a.C.) e algún dos máis de 20 muiños de río. **Percorrido total 9km**.



ROTEIRO DO DEZA

Comeza no **Mosteiro de Carboeiro** (S.X), considerada a xoia do románico – oxival galego, paramos na ferverza máis alta de Galicia, a **Ferverza do río Toxa** con unha altura de máis de 70m, e rematamos na **mámoa de Chousa Nova I**, considerada a máis antiga de Galicia, con máis de 6.200 anos de antigüidade. **Percorrido total 11 km**.

VISITA Á FERVENZA DO TOXA

Visita **á ferverza máis alta de Galicia**, con máis de 70 metros de caída e rodeada dun bosque de gran valor medioambiental. En función do tempo dispoñible, *podemos gozar da espectacular vista dende o miradoiro ou baixar ao pé da ferverza*.

AVENTURA

Propoñemos **algo máis que actividades deportivas**. Unha experiencia que lles permitirá aos participantes *superarse a sí mesmos* e comprobar que *poden conseguir todo o que se propoñan*, sen esquecerse da diversión. Poñemos especial énfase na súa seguridade, empregando só **materiais e equipos homologados**.



ESCALADA

A actividade desenvólvese no noso rocódromo. Un **monolito de 4 caras e 8 metros de altura**, con 8 vías de diferente dificultade, que se *semella á textura e as irregularidades dunha montaña real*. A actividade pode ir complementada coa tirolina.



HÍPICA

Iniciación á hípica no noso picadeiro. Cada participante irá **acompañado dun monitor** que lles ensinará os coidados do cabalo, o equipo de montar e as técnicas básicas do manexo. *Gozarán da sensación de guiar por sí mesmos o seu cabalo e comunicarse con el.*



ORIENTACIÓN CON GPS

Axudados polo **GPS, o compás e o mapa**, e divididos por equipos, os participantes teñen que achar as **balizas agochadas** ao longo do bosque e realizar unha proba en cada unha delas. *O traballo colectivo, o enxeño e a creatividade serán as súas mellores ferramentas.*

TIROLINA

Contamos cunha tirolina de **100 metros de lonxitude que fai “voar”** aos participantes por riba das árbores, a máis de 25 metros de altura. Para acceder á tirolina hai que escalar por unha das paredes do rocódromo. *Sen dúbida, unha das actividades máis espectaculares.*

TIRO CON ARCO

Poñerán a proba a súa destreza tentando dar o máis preto posible do centro da diana. En función das idades dos participantes, dispoñemos de **diferentes dinámicas de grupo para facer máis emocionante a actividade**.



A VIDA NO CAMPO

Despois de unha breve introducción teórica, os participantes **entrarán en contacto co mundo rural a través do sector primario** e dende unha perspectiva ecolóxica.

ANIMAIS DA GRANXA

Coñeceremos os animais da nosa granxa (cabalos, burra, becerras, porco, ovellas, cabras, coellos, galiñas, pavos, parrulos, ocas, faisáns...), o seu ciclo vital e os seus coidados, a través de actividades como a alimentación, limpeza, cepillado e xogos temáticos. Ademais, *destacaremos a importancia do papel que desempeñan as granxas familiares no medio rural.*



HORTO ECOLÓXICO

Traballaremos no noso horto eco-educativo onde, a través da agricultura ecolóxica coñecerán os diferentes cultivos, o ciclo vital das prantas, os seus coidados e aproveitamentos. *As boas prácticas e unha dieta saudable, serán o fío conductor desta actividade.*

OBRADOIRO DO PAN

Elaboraremos o **pan de maneira tradicional e cocerémolo no noso forno de leña**. Descubriremos os distintos tipos de cereais e como foi evolucionando a panificación. *Convertirémonos en panadeiros por un día.*



EDUCACIÓN AMBIENTAL

Aproveitando o bosque que rodea ao noso Centro, levaremos a cabo as *actividades de coñecemento do medio natural*.

SEGREDOS DO BOSQUE

Por equipos terán que seguir as pistas que irán atopando e que os levarán a **descubrir as curiosidades da flora e fauna do bosque**, ao tempo que gozarán de **un entorno natural que se transformará nun gran taboleiro de xogo**.



SEGUINDO AS PEGADAS

A través do estudo e interpretación dos rastros, pegadas e indicios dos animais do bosque **coñeceremos os seus hábitos e modos de vida**. Na nosa Aula da Natureza analizaremos as mostras e *converterémonos en auténticos rastreadores*.



AULA DE NATUREZA

Recorreremos o bosque en busca de **elementos descoñecidos da flora e da fauna**. Posteriormente, analizáremos na nosa Aula da Natureza e *descubriremos que o noso entorno é un mundo cheo de tesouros escondidos*.



ARTESANÍA E ETNOGRAFÍA

A través destes obradoiros, **os participantes entran en contacto cos oficios tradicionais**, ao tempo que *realizan a súa propia artesanía e coñecen formas de lecer de outros tempos.*

PROCESO ARTESANAL DA LÁ

Familiarizaranse co proceso tradicional da lá: **lavado, secado, cardado, fiado e tinguido con tinturas naturais.** *Este obradoiro pódese completar con un Tear.*



OBRAIDOIRO DE COIRO

Empregamos o coiro para **facermos unha pequena artesanía en pel**, que ao final poderán levarse. **Descubrirán o uso dos buriles, sacabocados, troqueles, selos e gravados.**



OBRAIDOIRO DE TEARES

Faremos **un tear individual** que poderán levarse de recordo. Pasarán a lanzadeira coa la a través da urda podendo **facermos os seus deseños personalizados.**



XOGOS POPULARES

Recuperaremos divertidos xogos da aldea que se foron transmitindo de xeración en xeración e que hoxe en día demostran que **nos podemos divertir sen empregar aparellos tecnolóxicos.**

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

A modo de exemplo, presentamos as programacións de actividades para 1, 2 e 3 días.

Programacións modificables ás preferencias dos Centros, podendo escoller actividades das 5 áreas propostas anteriormente. A orde das actividades e os horarios son orientativos e pódense ver modificados por motivos climatolóxicos e/ou de mellor organización das actividades.

Programación **“AVENTURA”**: pensada para aqueles grupos que queren priorizar as actividades de aventura.

Programación **“AVENTURA VERDE”**: para grupos que prefiren as actividades medioambientales.

Programación **“A VIDA NO CAMPO”**: para visitas onde o eixo central é a nosa Granxa Escola.

Programación **“ORIENTATE NO BOSQUE”**: un gran xogo de orientación no bosque con GPS, compás e mapa.

* PROGRAMACIÓN TIPO 1 DÍA

	“AVENTURA”	“AVENTURA VERDE”	“A VIDA NO CAMPO”	“ORIENTATE NO BOSQUE”
10:30	Benvida a FervenzAventura	Benvida a FervenzAventura	Benvida a FervenzAventura	Benvida a FervenzAventura
	Escalada en rocódromo Tirolina	Segredos do bosque	Animais da granxa Horto ecolóxico	Xogo de Orientación con GPS no bosque
12:30	Tiro con arco	Seguindo as pegadas	Obradoiro do pan	
14:30	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar
15:15	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre
16:00	Actividade de tarde	Actividade de tarde	Actividade de tarde	Actividade de tarde
17:30	Despedida	Despedida	Despedida	Despedida

Na **actividade de tarde** poderase escoller entre as seguintes: **Gymkhana no bosque**, **Xogos populares**, **Animais da granxa** ou a **visita á Fervenza do Toxa** (é preciso o autobús do Centro Educativo). En función do tempo dispoñible poderemos baixar ao pé da fervenza (aprox. 2 horas) ou vela dende o miradoiro (aprox. 1 hora).

Nota: Hípica, Obradoiro de Teares e Coiro poderán escollerse soamente nas visitas de 2 ou 3 días.

* PROGRAMACIÓN TIPO 2 DÍAS

	"AVENTURA"		"AVENTURA VERDE"		"FERVENZAVENTURA"	
	1º día	2º día	1º día	2º día	1º día	2º día
9:00		Erguerse		Erguerse		Erguerse
9:30		Almorzo		Almorzo		Almorzo
10:30	Benvida a FervenzAventura Hípica	Escalada en Rocódromo Tirolina	Benvida a FervenzAventura Proceso artesanal da lá	Segredos do bosque	Benvida a FervenzAventura Segredos do bosque	Escalada en Rocódromo Tirolina
12:00	Seguindo as pegadas	Tiro con arco	Obradoiro de teares	Seguindo as pegadas	Seguindo as pegadas	Tiro con arco
14:30	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar
15:15	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre
16:00	Orientación con GPS	Xogos populares *	Horto ecolóxico Obradoiro do pan	Xogos populares *	Orientación con GPS	Xogos populares *
		17:30 h Despedida		17:30 h Despedida		17:30 h Despedida
18:00	Merenda		Merenda		Merenda	
18:30	Animais da granxa		Animais de granxa		Animais de granxa	
20:00	Duchas		Duchas		Duchas	
21:00	Cea		Cea		Cea	
21:30	Tempo libre		Tempo libre		Tempo libre	
22:00	Gymkhana en FervenzAventura		Gymkhana en FervenzAventura		Gymkhana en FervenzAventura	
23:30	Deitarse		Deitarse		Deitarse	

* A actividade de **Xogos populares** do último día, pódese cambiar pola **Gymkhana no bosque** ou a **visita á Fervenza do Toxa** (é preciso o autobús do Centro Educativo). En función do tempo dispoñible poderemos baixar ao pé da fervenza (aprox. 2 horas) ou vela dende o miradoiro (aprox. 1 hora).

* PROGRAMACIÓN TIPO 3 DÍAS

	“AVENTURA”			“AVENTURA VERDE”			“FERVENZAVENTURA”		
	1º día	2º día	3º día	1º día	2º día	3º día	1º día	2º día	3º día
9:00		Erguerse	Erguerse		Erguerse	Erguerse		Erguerse	Erguerse
9:30		Almorzo	Almorzo		Almorzo	Almorzo		Almorzo	Almorzo
10:30	Benvida a FervenzAventura Roteiro do Deza * (Mosteiro de Carboeiro - Fervenza do Toxa)	Hípica	Escalada en Rocódromo Tirolina	Benvida a FervenzAventura Roteiro do Deza * (Mosteiro de Carboeiro - Fervenza do Toxa)	Proceso artesanal da lá	Segredos do bosque	Benvida a FervenzAventura Proceso da lá	Hípica	Escalada en Rocódromo Tirolina
12:00		Seguindo as pegadas	Tiro con arco		Obradoiro de teares (I)	Seguindo as pegadas	Obradoiro de Teares	Animais de granxa	Tiro con arco
14:30	Xantar Picnic	Xantar	Xantar	Xantar Picnic	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar
15:15	Roteiro do Deza (Fervenza - Mámoa)	Tempo libre	Tempo libre	Roteiro do Deza (Fervenza - Mámoa)	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre	Tempo libre
16:00	17:30 h Chegada a FervenzAventura	Orientación con GPS	Xogos populares **	17:30 h Chegada a FervenzAventura	Horto ecolóxico	Xogos populares **	Segredos do bosque	Orientación con GPS	Xogos populares **
			17:30 h Despedida		Obradoiro do pan				
18:00	Merenda	Merenda		Merenda	Merenda		Merenda	Merenda	
18:30	Obradoiro de coiro	Animais da granxa		Animais de granxa	Obradoiro de teares (II)		Seguindo as pegadas	Horto ecolóxico	
20:00	Duchas	Duchas		Duchas	Duchas		Duchas	Duchas	
21:00	Cea	Cea		Cea	Cea		Cea	Cea	
21:30	Tempo libre	Tempo libre		Tempo libre	Tempo libre		Tempo libre	Tempo libre	
22:00	Gymkhana en FervenzAventura	Xogo nocturno		Gymkhana en FervenzAventura	Xogo nocturno		Gymkhana en FervenzAventura	Xogo nocturno	
23:30	Deitarse	Deitarse		Deitarse	Deitarse		Deitarse	Deitarse	

* Para facer o **Roteiro do Deza** é preciso que o autobús do Centro Educativo, unha vez descargadas as equipaxes na nosa instalación, nos deixe no Mosteiro de Carboeiro (o Mosteiro queda na ruta de saída do bus).

** A actividade de **Xogos populares** do último día, pódese cambiar pola **Gymkhana no bosque** ou a **visita á Fervenza do Toxa** (é preciso o autobús do Centro Educativo). En función do tempo dispoñible poderemos baixar ao pé da fervenza (aprox. 2 horas) ou vela dende o miradoiro (aprox. 1 hora).

TARIFAS 1 DÍA CURSO 2023 / 2024

Programa	1/2 día (sen xantar)	1 día (sen xantar)	1 día (con xantar)	Grupos mínimos	
	Horarios / días	Horarios / días	Horarios / días	luns a venres	fin de semana ou festivos
setembro ó 31 de marzo	18 €	20 €	25 €	25	40
1 ó 30 de abril	non dispoñible	25 € TARIFA ESPECIAL !! 23 €	28 €	25	60
1 de maio ó 21 de xuño	non dispoñible	26 € TARIFA ESPECIAL !! 24 €	29 €	25	80
Inclúe	Monitores titulados e materiais para as actividades. Seguros RC e accidentes, e 10% IVE				
Docentes ou acompañantes	Visitas con xantar: 1 docente ou acompañante de balde cada 15 participantes; docentes a maiores: 10 € Visitas sen xantar: docentes que queiran xantar: 10 € <i>En calquera caso, terase unha atención gratuíta con todos os docentes ou acompañantes a media mañá</i>				

TARIFAS 2 Y 3 DÍAS CURSO 2023 / 2024

Programa	2 días (1 noite)	3 días (2 noites)	Grupos mínimos	
	Horarios / días	Horarios / días	luns a venres	fin de semana ou festivos
setembro ó 31 de marzo	69 €	102 €	25	30
1 ó 30 de abril	75 €	108 €	25	40
1 de maio ó 21 de xuño	78 €	113 €	30	50
Inclúe	Estadía en PC (almorzo, xantar, merenda e cea). Programa de actividades e veladas. Monitores titulados e materiais para as actividades. Seguros e 10% IVE			
Docentes ou acompañantes	1 docente ou acompañante de balde por cada 20 participantes Docentes a maiores: aplicarase un desconto do 50% da tarifa			

★ *Nas visitas nas que os participantes traian o seu xantar poderán facer uso das nosas salas ou merendeiros.*

Para aqueles grupos que escollen a súa visita con xantar ofrecemos á media mañá o seguinte tentempé:

- *galletas recheas de chocolate*
- *zumes en brick*

Os menús para estes alumnos, dependendo do día, poden ser os seguintes * :

Menú 1	Menú 2	Menú 3	Menú 4	Menú 5
<ul style="list-style-type: none">☉ Croquetas de polo☉ Espaguetes con atún en salsa de tomate e cenoura triturada☉ Sobremesa☉ Pan e auga	<ul style="list-style-type: none">☉ Empanadillas de atún☉ Arroz con albóndegas en salsa☉ Sobremesa☉ Pan e auga	<ul style="list-style-type: none">☉ Nuggets de pescada☉ Fideuá de polo con salsa de tomate e verdura triturada☉ Sobremesa☉ Pan e auga	<ul style="list-style-type: none">☉ Nuggets de polo☉ Puré de pataca con pescada rebozada☉ Sobremesa☉ Pan e auga	<ul style="list-style-type: none">☉ Variñas de pescada☉ Arroz con raxo e verdura☉ Sobremesa☉ Pan e auga

Cada día haberá unha das seguintes sobremesas: iogur, froita, flan ou natillas.

* *Estes menús son orientativos e poden sufrir variacións en función da época do ano ou a climatoloxía, introducindo outros pratos (lentellas, sopa de fideos, crema de verduras ou outros).*

Dietas especiais para alerxias e intolerancias alimentarias: os docentes e/ou acompañantes deben de comunicarnos esta información por escrito coa suficiente antelación (polo menos 4 días antes da visita) para poder adaptar a alimentación a cada caso.

Mestres:

- ☼ Teremos unha atención gratuita con tódolos mestres á media mañá con un café ou infusión con pastas.
- ☼ Para os mestres que xanten o menú do día irá **acompañado dunha ración de empanada e ensalada mixta**, e para beber, ademais de auga poderán escoller entre cervexa ou refresco.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O CENTRO EDUCATIVO / ANPA

- * A meirande parte das nosas actividades son desenvolvidas a cuberto polo que en caso de mal tempo poderanse levar a cabo.
- * Os docentes e/ou acompañantes poden estar presentes nas actividades, pero non é preciso que o fagan. Dispoñen de zona exterior e unha sala de estar para acompañantes.
- * Os únicos momentos do día nos que se teñen que facer cargo dos participantes serán: nos tempos libres e polas noites dende as 00:30h ata as 9:00h. E no caso de que os participantes traian o seu xantar, controlarán o comedor e os monitores o tempo libre posterior.
- * Os monitores estarán ao cargo dos participantes no transcurso das actividades e nas comidas. Controlarán os momentos das duchas e encargaranse de conseguir o silencio antes de durmir, como máximo ata as 00:30h.
- * Para evitar o acceso de persoas alleas todo o perímetro da nosa instalación está pechado.
- * No caso de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), deberán ser acompañados polos responsables durante a realización das actividades.
- * Manutención: tódolos menús están realizados integramente na nosa cociña. Os nosos menús constan ao xantar dun prato con 3 elementos e sobremesa, e a cea dun prato con 2 elementos e sobremesa.
- * Dado que as instalacións están suficientemente dimensionadas e contamos con persoal dabondo, pódese simultanear a visita de varios Centros.
- * Nos grupos con pernocta, os docentes e/ou acompañantes non teñen que traer roupa de cama pero si toallas e útiles de aseo.

Reservas: debido a alta demanda no 3º trimestre do curso, recomendamos facer as reservas no 1º trimestre

ROUPA E MATERIAL RECOMENDADO PARA A VISITA

- Visitas de 1 día: Recomendamos que os participantes traian roupa cómoda e calzado apropiado. Chuvasqueiro e/ou gorra en caso preciso.
- Visitas de máis de 1 día: recomendamos que a **roupa esté marcada** para evitar perdas *
 - roupa cómoda e calzado axeitado
 - chovasqueiro
 - cantimplora/botella
 - mochila pequena (para roteiros e xogos no bosque)
 - lanterna e gorra
 - saco de durmir (as liteiras están equipadas con saba de abaixo e almofada con funda)
 - pixama, neceser completo, chancletas e toalla de ducha e aseo
 - camisetas, calcetíns e mudas de reposto en número suficiente

* FervenzAventura non se fai responsable de perdas de roupa ou obxectos persoais.

PREGUNTAS FRECUENTES

- **Servizos médicos:** en Bandeira, a 4 km da nosa instalación atópase o Centro de Saúde, a 12km, en Silleda, outro Centro de Saúde de atención continuada 24h e a 24km o Hospital Clínico de Santiago de Compostela.
- **Medicacións:** os docentes e/ou acompañantes serán os encargados de administrar a medicación e seguir as pautas médicas e, en caso preciso, informarnos sobre as medidas que debemos adoptar.
- **Móviles:** As chamadas de familiares para falar cos participantes deben facerse a través dos teléfonos facilitados polos docentes e/ou acompañantes. Os teléfonos da instalación deben quedar libres. No caso de que os participantes traian móbiles, e para evitar distraccións nas actividades, os docentes e/ou acompañantes custodiaranos e entregaranos nas horas de chamadas. No caso de ter un horario de chamadas deben comunicalo para adaptar a programación.
- **Comidas ou larpeiradas:** Aconsellamos que non traian para previr posibles desaxustes alimentarios e ter hábitos de consumo saudables.
- Non está permitido o uso de:
 - Cámaras de fotos (Lei Orgánica de Protección de Datos), os docentes e/ou acompañantes, si así o consideran, poderán facer fotografías.
 - Aparellos electrónicos.
 - Obxectos punzantes, mistos e chisqueiros.

COMPROMISO DE CALIDADE

Consideramos importante establecer un Compromiso de Calidade cos nosos visitantes (entidades, nais/ pais, docentes e público en xeral), baseado en feitos obxectivos, xa que pode resultarlles de utilidade á hora de decantarse por realizar algún dos nosos programas.

- Recoñecementos oficiais da Xunta de Galicia cos que contamos:
 - Consellería de Cultura e Turismo: **Albergue Turístico Rústico**, código H-PO-1839 e **Empresa de Interese Turístico**, código NR-PO-000323
 - Dirección Xeral de Xuventude: **Granxa Escola**, nº de Rexistro 36/GE/04
- Entidades ás que pertencemos:
 - **Turgalicia:** Institución da Xunta de Galicia, encargada da promoción turística de Galicia.
 - **Turismo Rías Baixas:** Entidade da Diputación de Pontevedra, encargada da promoción turística da provincia.
- Todo o noso persoal está altamente cualificado, posúe a titulación precisa para as funcións que desempeñan e están debidamente contratados.
- O noso Centro conta con todos os permisos precisos e está dado de alta no Rexistro de núcleos zoolóxicos, cumprindo cos calendarios de vacinación e desparasitación establecidos, así como pasando as campañas de saneamento animal.
- O noso Centro cumpre coa normativa en protección de incendios, pasando os nosos equipos as revisión periódicas.
- Cumprimos coas normativas sanitarias en materia de: piscinas de uso colectivo, plans de desinfección, desinsectación e desratización, plans APPCC, comedores colectivos, control de lexiónela.
- Contamos con pólizas de responsabilidade Civil e de Accidentes polas cantidades esixidas pola lei, coa compañía AXA SEGUROS GENERALES, S.A.



Campamentos - turismo grupal - visitas para familias

máis información en... www.fervenzaventura.com



FERVENZA *Aventura*

Centro de Actividades na Natureza
